

## **BASES DO CONCURSO : DESEÑA O LOGOTIPO DO TEU COLE**

### **1.- Obxectivo**

O obxectivo do presente concurso é o deseño do logotipo destinado a ser a imaxe representativa do noso centro unha vez aprobado o cambio do nome do centro polo de ***CPI AS MIRANDAS***, en toda a fase de comunicación de información sobre este, a través de documentos, tarxetas, web, redes sociais, etc.

### **2.- Participantes**

O concurso está aberto a toda a comunidade educativa do centro. Cada concursante poderá presentar un máximo de dous deseños.

### **3.- Proposta**

- O deseño deberá ser orixinal e inédito. Tamén debe ser creativo, moderno, simple e facilmente recoñecible.
- A proposta deberá incluír o texto ***C.P.I. "AS MIRANDAS"*** e debe reflexar a contorna do noso centro adaptado ao seu novo nome, elixido por ampla maioría da comunidade educativa.
- Os deseños deberán ser versátiles, facilmente convertibles a formato dixital, con capacidade para aplicarse a diferentes formatos.
- Aconséllase utilizar cores que sexan trasladables a escala de grises, para a súa posterior realización, tanto en cor como en branco e negro.

### **4.- Material a entregar**

A entrega farase en soporte papel ( A4) ou en soporte dixital ( pendrive, CD, arquivo de imaxe por correo electrónico,...),

Xunto coa súa proposta, cada participante deberá achegar cuberta a folla de inscrición que figura no Anexo I ( non se admitirá ningunha proposta que non traia aparellada a folla de inscrición ).

### **5.- Lugar de entrega**

- a- No buzón da ANPA instalado na entrada ás oficinas.
- b- Envío de correo electrónico, incluíndo tódolos arquivos ( que non superen os 20MB )

O enderezo de correo electrónico é: [anpadeares@gmail.com](mailto:anpadeares@gmail.com); no asunto haberá que indicar CONCURSO LOGOTIPO.

### **6.- Prazo de presentación**

A data límite de presentación é o 17 de maio de 2016 ás 23:59.  
A directiva resérvase o dereito de ampliar o prazo de presentación se o considera oportuno.

### **7.- Premio**

Establécese un único premio de **90 €** para a proposta gañadora.

O premio entregarase en man no centro, previo aviso ás familias no caso de que o gañador/a sexa un/unha alumno/a.

### **8.- Propiedade intelectual**

O logotipo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente da ANPA, que terá completa liberdade para utilizar o logotipo premiado, total ou parcialmente, podendo ser modificado, adaptado, reproducido e utilizado na forma que estime conveniente e sen pago, nin ningún outro tipo de contraprestación ao autor do logotipo.

### **9.- Preselección de traballos**

A comisión seleccionadora d estará formada por:

- Un integrante da Xunta Directiva da ANPA
- Un representante do centro educativo
- O representante das familias no Consello Escolar

Reunirase o 20.05.2016 e elixirá as tres mellores propostas ( *no caso de non ter recibido tres propostas que cumpran os requisitos, presentarase a votación só con dúas opcións ou declararase deserto o concurso* ).

Unha vez preseleccionadas, publicaranse no taboleiro de anuncios do centro, na súa web e no blogue da ANPA para que toda a comunidade educativa poida coñecelos ,

Ao longo do mércores 25.05.2016 levarase a cabo a votación por toda a comunidade educativa. As familias poderán votar entre as 16:30 e as 18:00 na oficina da ANPA.

O fallo será publicado o taboleiro de anuncios do centro, na súa web e no blogue da ANPA a partir do 25 de maio ás 19:00 e comunicarse persoalmente ó gañador.

### **10.- Publicación**

A publicación relativa ao traballo premiado quedará en poder da ANPA que poderá facer libre uso da mesma reservándose o dereito de publicación e difusión dos traballos presentados, citando ao seu autor ou autores, sen que iso devindique ningún dereito aos mesmos. A documentación presentada non será devolta.

### **11.- Traballos non premiados**

Os traballos non premiados destruíranse nos cinco días seguintes á aparición do veredicto na páxina web do centro e no blogue da ANPA.

### **12.- Traballo final**

No caso de que o deseño gañador non fose presentado en formato dixital, a ANPA encargará o servizo de muda de formato para poder utilizalo como imaxe corporativa do centro,

### **13.- Aceptación as bases**

A participación no concurso leva implícita a aceptación destas bases, a preselección da comisión e o resultado da votación que será inapelable.